

FOLLETO MISA CON NENOS

24 de marzo del 2024

Domingo de Ramos-B

Marcos 11, 1-10: “*Bendito o que vén no nome do Señor*”

Mensaxe: Xesús dóase e fainos doantes



1. MONICIÓN DE ENTRADA E BENDICIÓN

Irmáns e irmás:

Iniciamos hoxe a Semana Santa: os días en que celebramos a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús. Xa desde o principio da Coresma vímonos preparando con obras de penitencia e caridade. Hoxe, próxima xa a Noite santa da Pascua, dispoñémonos a inaugurar, en comunión con toda a Igrexa, a celebración anual dos misterios da paixón e resurrección de Xesucristo, misterios que empezaron coa solemne entrada de Xesús en Xerusalén. Por iso, lembrando con fe e devoción a entrada triunfal de Xesucristo na cidade santa, acompañarémolo para que, participando agora da súa cruz, merezamos un día ter parte na súa resurrección e vida.



SACERDOTE: *-No nome...*

O Señor Xesús, que se entrega ata a morte para darnos vida, sexa convosco.

R/. E co teu espírito. (Logo bendí os ramos).

BENDICIÓN DE RAMOS

-Deus todopoderoso e eterno, santifica coa túa + bendición estes ramos, e, a cuantos imos acompañar a Cristo aclamándoo con cantos, concédenos entrar na Xerusalén do ceo, por medio del.

El, que vive e reina polos séculos dos séculos.

R/. Amén

-Lectura do Evanxeo de Marcos 11,1-10: *Bendito o que vén no nome do Señor.*

Narrador: Cando se achegaban a Xerusalén, por Betfagé e Betania, xunto ao monte das Oliveiras, mandou a dous dos seus discípulos, dicíndolles:

Xesús: -«Ide á aldea de en fronte e, en canto entredes,

atoparedes un burriño atado, que ninguén montou aínda. Desatádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta por que o facedes, contestádelle: “O Señor necesíao, e devolverao pronto”».

Narrador: Foron e atoparon o burriño na rúa atado a unha porta; e soltárono. Algúns dos presentes preguntáronlles:

Algúns: -«*Que facedes desatando o burriño?*». **Narrador:** Eles contestáronlles como lles dixera Xesús; e permitíronllo. Levaron burriño, botáronlle encima os mantos, e Xesús montou. Moitos alfombraron o camiño cos seus mantos, outros con ramas cortadas no campo. Os que ían diante e detrás, gritaban:

Xente: -«*Hosanna! Bendito o que vén no nome do Señor! Bendito o reino que chega, o do noso pai David! Hosanna nas alturas!*».

Palabra do Señor.

(Narrador--Xesús-Algúns-Xente).

2. MONICIÓN Á PROCESIÓN

(Despois de bendicir os ramos e de ler o evanxeo de Marcos)

Xesús, ao comezar esta semana, foi aclamado pola xente sinxela na súa entrada a Xerusalén como o Mesías anunciado e esperado, como o que vén no Nome do Señor. Que cada un de nós, ao participar na procesión de ramos, fagamos nosa a opción de seguir a Xesús. Prometamos acompañalo non só hoxe senón toda a Semana Santa en actitude de oración, de celebración e de conversión.

Imos iniciar a celebración: diante vai a cruz, daquela os que participades na Eucaristía e por último os sacerdotes.

(Portamos os ramos que expresan que proclamamos a Cristo como o noso Rei, o noso Salvador. Logo gardámoslos nas nosas casas como signo de bendición de Deus e como recordo da súa morte e resurrección).

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS en xeral

O libro de Xeremías lémbra-nos que o Señor vai realizar unha nova alianza co seu pobo gravando as súas palabras nos corazóns. A carta aos Hebreos tráenos á memoria que Xesús, sufrindo na cruz, logrounos a salvación. O evanxeo anuncia explicitamente a súa morte na cruz ensinándonos o camiño do cristián, un camiño de servizo, de entrega, de salvación a través da cruz.



LECTURAS

ISAÍAS 50, 4-7: *Non me tapei o rostro ante as aldraxes.*

SALMO 21: *Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*

Filipenses 2, 6-11: *Rebaixouse, por iso Deus o levantou sobre todo.*

4. MONICIÓN AO EVANXEO DA PAIXÓN

Dispoñámonos agora a escoitar no centro da nosa celebración o relato da paixón do Señor. Meditemos o camiño de Xesús cara á morte, por amor e fidelidade a Deus e a nós, e agradezámoslle a súa entrega. Porque a súa cruz é a nosa Vida.



Paixón segundo san Marcos 14,1-15,47: *Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*

5. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: Deus, Pai, que nos dá a Vida, escoita agora a nosa oración; cheos de esperanza, dicímoslle:

R. - Pola paixón do teu Fillo, sálvanos.

1.-Pola Igrexa, para que nos axude a vivir en profundidade estes días de encontro con Cristo. **Oremos.**

2.-Por quen sofre cada día a paixón, a soidade, o illamento; que sintan o consolo e a proximidade de Deus. **Oremos.**

3.- Polos que se atopan ante situacións de dor ou morte, para que meditando a Paixón do Señor atopen sentido ao seu sufrimento. **Oremos.**

4.- Polos que neste domingo de Ramos aclamamos a Xesús como rei, para que o acompañemos tamén na súa morte e Resurrección. **Oremos.**

5.-Por todos nós; para que vivamos esta semana Santa orando, admirando a entrega de Xesús e agradecendo que nos salve. **Oremos.**

6.- Para que non deixemos de asistir ás celebracións de Semana Santa, que son as máis importantes do ano. **Oremos.**

7.- Polos que en están sos ou enfermos para que sintan a Cristo que vai cos nosos sufrimentos. **Oremos.**

Sacerdote: Señor, que acollamos a doazón do teu sangue, da túa vida, da túa salvación e así nos convertamos nós en doantes para tantos crucificados do noso tempo. Por XCNS.



6. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- UNHA CRUZ NÚA:

Lemos a Paixón de Cristo. Grazas, Xesús, por tanta xenerosidade, por tanto amor. E perdoa a nosa traizón, a nosa apatía, o noso pecado.

- CRAVOS, MARTELO, COROA DE ESPÍÑAS:

Con estes cravos, martelo, coroa de espiñas, queremos simbolizar o que nesta semana Santa imos celebrar: a paixón, a morte pero, sobre todo, a Resurrección de Cristo.

- RAMOS OU PALMAS:

Ao Señor queremoslle presentar estes ramos bendicidos. Levámoslos para as nosas casas expresando o desexo de que Xesús entre nas nosas casas, sexa o noso Rei e Señor e como recordo da súa morte e resurrección.








- PAN E O VIÑO.

Co pan e o viño damos grazas a Deus porque se quixo quedar connosco en Xoves Santo para ser o noso alimento, a nosa forza e a nosa luz. Que, ese día, non esquezamos de rezar polos sacerdotes, polos pobres e para que nunca nos falte a Eucaristía.



SEMANA SANTA



6.- ORACIÓN DE GRAZAS

Semana Santa: Grazas!

E O domingo de Ramos, Xesús, é aclamado en Xerusalén.

O xoves lembrareite no cenáculo dándote como comida e tendo presente o teu mandamento: “Amádevos os uns aos outros como eu vos ameí”.

O venres percorrerei o camiño do calvario, para chegar ao Gólgota e estar contigo ao pé da túa cruz.

Así chegarei ao domingo, a Pascua do Señor, o paso da morte á vida a vitoria de Deus.

Estamos, Señor Xesús, na recta final da túa vida, que sintetiza toda a túa existencia.

Grazas, Señor, Xesús. Grazas pola túa vida e pola túa morte e sobre todo grazas pola túa resurrección.

Axúdanos a vivir a túa paixón como a nosa paixón para participar da túa resurrección.

DOMINGO de RAMOS
PÓRTICO da SEMANA SANTA